

Dendrocopos major (Linnaeus, 1758)

	poto real
	pico picapinos
	okil handia
	picot garser gros
	great spotted woodpecker
	pica-pau-malhado-grande



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 70-98 g

Longitude 20-26 cm

Envergadura 34-44 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Piciformes	Picidae	<i>Dendrocopos</i>

ALIMENTACIÓN

Larvas de insectos e froitos.

COMPORTAMENTO

Son animais diúrnos, territoriais e solitarios. Cambian de parella cada 1-3 anos. Ademais de cantar, machos e femias emiten fortes sons peteirando na madeira tanto como reclamo como para marcar o seu territorio.

REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue dende maio ata xullo. Poñen 4-7 ovos, que son incubados por ambos pais durante 10-13 días. As crías poden voar aos 20-23 días, inda que viven cos pais unha semana máis. Acadan a madurez ao ano.

HÁBITAT

Formacións forestais, preferindo bosques densos de coníferas.

DISTRIBUCIÓN

Europa continental agás por boa parte de Grecia e Macedonia, norte de Fenoscandia e sur de Ucraína; Córsega, Sardeña, norte de Sicilia, norte de Marrocos, nordés de Alxeria, Gran Canaria, Tenerife, Anatolia, Cáucaso, metade sur de Rusia, sueste de Mongolia, norte de Casquistán, Corea, leste de China, Xapón, Hainan e norte de Indochina.

CURIOSIDADES

Ao inicio da época reprodutora, as parellas, sobre todo os machos, pasan 2-3 semanas perforando a cortiza dunha árbore co seu peteiro para construír o seu niño.

A subespecie presente no campus é *Dendrocopos major hispanus* (Schluter, 1908), propia de Europa, norte do Magreb e oeste de Asia.